



**CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CRTVG, S.A
E A UNIVERSIDAD CARLOS III DE MADRID
MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral da CRTVG, Alfonso Sánchez Izquierdo, **DECLARA:**

Que a Corporación Radio e Televisión de Galicia ten previsto formalizar coa Universidad Carlos III de Madrid o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue catro anos, prorrogables, para a realización de prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares do alumnado da Universidad Carlos III de Madrid.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

-Establecer a colaboración entre a CRTVG e a Universidad Carlos III de Madrid (UC3M) para que o alumnado de dita universidade poida realizar prácticas na CRTVG.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- As prácticas poden ser curriculares; extracurriculares ou complementarias; ou de proxecto Fin de Carreira / Traballo Fin de Grao / Traballo Fin de Máster.
- A UC3M designará un titor académico, como responsable da supervisión das prácticas e, no seu caso, da avaliación académica previa e da avaliación final.
- Ao titor designado pola CRTVG corresponderalle organizar e supervisar as actividades de cada estudante, e realizar un seguimento do mesmo. Tamén, informar ao titor



académico de calquera modificación ou incidencias durante as prácticas; cumprimentar o informe de avaliación do alumno/a; facer seguimento da calidade das prácticas de acordo co sistema interno de garantía de calidade (SGIC) da UC3M; e realizar e remitir ao titor académico da UC3M un informe final.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 7 de agosto de 2020.